

# Paste

A aplicación **paste** emprégase para unir arquivos liña a liña. **paste** separa as partes das liñas que compón cun separador de campo que, por defecto, é o tabulador, aínda que podemos configuralo coa opción **-d**. Un exemplo sería o seguinte:

```
$ paste -d : DNI.txt Nombre_apellidos.txt > identificacion.txt
...
```

Se interesa empregar o teclado para agregar un novo campo a cada liña do arquivo nomes.txt

```
$ paste nomes.txt - > nomes-new.txt
```

Pódese utilizar **cut** e **paste** para reorganizar un arquivo. Vexamos un exemplo:

```
# Inicio columnas: 1 2 3 4 5 6...
$ cut -f 1,3 /etc/passwd > temp
$ cut -f 4- /etc/passwd > temp2
$ cut -f 2 /etc/passwd | paste temp - temp2 > passwd.mod
# Fin columnas: 1 3 2 4 5 6...
```